

INSTRUCCIÓN 5/21 DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE ADMINISTRACIÓN DA VACINA FRONTE AO SARS-CoV-2 A PERSOAS DE 80 ANOS E MÁIS IDADE

Sobre a base do “*Plan Galego de vacinación Fronte ao SARS-CoV-2*” da Dirección Xeral de Saúde Pública, así como da Estratexia de vacinación do Ministerio de Sanidade, cómpre ditar as normas para que as áreas sanitarias organicen a administración da vacina fronte a COVID 19, para as persoas de 80 anos e máis idade no ámbito de Galicia.

A limitación actual do número de vacinas, fai necesario establecer unha orde de prelación tendo en conta a vulnerabilidade das persoas e a morbilidade asociada á COVID-19. Neste senso, cómpre iniciar a vacinación na poboación xeral nas persoas de 80 e máis anos. Esta vacinación organizarase tendo en conta a dispoñibilidade limitada cada semana de doses de vacina, e a necesidade de vacinar no menor prazo posible a persoas con alto risco de enfermidade grave e morte polo virus SARS-CoV-2, principalmente persoas de 80 anos e maior idade.

Os puntos de vacinación serán en atención primaria, pero dadas as características de estabilidade, transporte e conservación, realizaranse en tódolos centros de saúde das 7 cidades de Galicia e tamén nos servizos cabeceira e/ou PAC fóra destas cidades. O censo de persoas a vacinar supera as 200.000, unha vez descontadas as persoas vacinadas con anterioridade en residencias sociosanitarias de Galicia.

A administración das vacinas deberá iniciarse previsiblemente o día 22 de Febreiro e programarse en función das vacinas das que se dispoña semanalmente. Para a xestión da citación da vacinación, destinarase un equipo específico de persoal de

administración e servizos de atención primaria, un por cada área sanitaria, polo que se crearán 7 equipos.

O primeiro contacto de citación será realizado por estes profesionais con anterioridade ao día da cita de vacinación. Unha vez feita a axenda, posteriormente, estas listaxes de pacientes citados estarán a disposición do persoal médico/a de familia e de enfermaría de atención primaria do centro da súa cota correspondente. Así tamén, o persoal de administración e servizos destes centros, confirmará as citas en axenda cunha segunda chamada xustificada pola necesidade de concretar as persoas a vacinar nos puntos de vacinación establecidos, así tamén coa finalidade de axustar ao máximo posible as doses a dispensar.

Con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e coa finalidade de planificar e determinar os recursos humanos necesarios, e de establecer criterios comúns de actuación nesta materia dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Obxecto e ámbito

As presentes instrucións están dirixidas ás xerencias das áreas e teñen por obxecto planificar a vacinación e determinar os criterios necesarios para dar comezo á administración da vacina COVID 19 nas persoas de 80 anos e máis idade no ámbito de Galicia.

Segunda. Normas para o persoal específico en citación de vacinación no ámbito de atención primaria



1. Equipos: Cada área sanitaria determinará un equipo de persoal específico conformado por profesionais das categorías **de grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais de cadro de persoal**, con experiencia en citación en atención primaria. De tal forma que contarase con 7 equipos de citación de vacinación de atención primaria no Servizo Galego de Saúde, con aproximadamente 70 profesionais en total.

Así, cada área designará un único equipo, determinado en canto a número de profesionais en función da poboación asignada, tendo en conta ademais que deben citarse semanalmente un promedio de 30.000 persoas no período de primeira fase de vacinación desta poboación, que abrangue previsiblemente desde o 22 de febreiro ata o 31 de Marzo. Para calcular o persoal necesario debe tomarse como referencia un promedio de 70/80 citas por cada profesional e quenda.

2. Funcións: Estes/as profesionais serán os/as responsables do contacto cos maiores e da xestión da citación da poboación en cada área sanitaria, actuarán con baseamento nestas instrucións e coas indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública, dacordo co Plan de Vacinación. Este persoal dependerá da persoa designada como coordinador/a de vacinación de cada área sanitaria.

Especificamente desenvolverán as seguintes tarefas:

- O equipo específico de citación da vacinación será o encargado de facer a primeira chamada de contacto e cita en axenda SIGAP da poboación asignada.
- **O contactos realizaranse coas persoas que figuren no censo elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e baixo os criterios de prioridade que se diten baixo a súa autoridade.**



- O proceso de chamada e citación realizarase de acordo co protocolo ditado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- **Non pode ser chamada ningunha persoa que non se encontre na listaxe nin tampouco se pode alterar a orde de chamamentos prevista.**
- Así tamén, será este persoal o encargado de coordinar a actuación do persoal de xestión e servizos dos centros de saúde, para que estes fagan nos días previos á vacinación a segunda chamada de confirmación dos pacientes das súas cotas.
- Canalizarán as incidencias a través da coordinación de vacinación da súa área, para o cal se lle facilitarán os contactos pertinentes.

3. Acreditación: Este persoal que será designado como responsable de citación de vacinación, deberá constar identificado no expediente administrativo do centro. O seu traballo organizarase en equipo, de forma que poidan participar e compartir as xestións e incidencias, polo que deben estar localizados/as nun punto único, que será o centro de traballo establecido pola Xerencia, coa finalidade de favorecer a aplicación coordinada dos criterios e dos Plans e protocolos.

4. Coordinador/a de citación da vacinación: Por cada equipo haberá un/unha coordinador/a designado entre o persoal en postos de xefatura de administración e servizos de atención primaria ou ben do servizo de admisión, que será o/a interlocutor/a da Dirección Xeral de Saúde Pública xunto co/coa Coordinadora de vacinación.

5. O persoal designado como membro dos equipos específicos de citación da vacinación, será destinado exclusivamente a estas funcións. Como regra xeral, o persoal designado como equipo específico de citación, será obxecto de cobertura nos seus postos de orixe.

Instrución 5/21



Terceira. Normas para o persoal de enfermaría específico responsable da vacinación

1. Designarase ao persoal de enfermaría de atención primaria dos equipos específicos, como responsables desta fase de vacinación. En cada xerencia constará a acreditación das persoas autorizadas nun expediente administrativo de vacinación. **Non se designará a persoa allea ás anteriores para administrar as vacinas.**

2. As persoas designadas vacinarán nos puntos de vacinación de atención primaria, que coincidirán cos establecidos na segunda fase de vacinación para persoal sanitario de atención primaria de primeira liña. Os locais dos puntos de vacinación estarán determinados polas xerencias en cada un dos Centros de Saúde das 7 cidades así como tamén nas cabeceiras de servizos e/ou PAC nas outras localidades. Nestes puntos recibiranse as vacinas polos equipos de vacinación, para a súa administración neles, e realizarase a custodia e devolución dos viais sobrantes. As vacinas non poderán ser obxecto de transporte fóra do recinto. As vacinacións a domicilio serán reguladas nun proceso posterior a esta primeira fase.

3. O persoal de enfermaría específico de vacinación, deberá formar ao persoal de enfermaría de atención primaria, de acordo cun plan de formación establecido en cada área, co fin de ir preparando e adestrando no manexo das vacinas ao persoal de enfermaría de atención primaria cara as seguintes fases.

4. O censo de vacinación e a orde de prioridade será establecida pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

5. O persoal dos equipos de cada un dos puntos de vacinación deberá ir identificado co equipo facilitado polo Sergas. Ademais, cada punto terá un/unha persoa responsable da recepción e rexistro das vacinas, así como do seguimento destas

Instrución 5/21



instrucións, e responderá da devolución dos viais sobrantes e dos baleiros ao rematar cada xornada.

6. Pola Dirección de cada área, designarase a un/unha coordinadora de vacinación da área como persoa de referencia, tanto todo o persoal que participa neste proceso de vacinación. Así tamén, será a persoa interlocutora coas direccións xerais do Servizo Galego de Saúde e da Dirección xeral de Saúde pública para resolver, de maneira áxil, as incidencias derivadas da planificación e execución do Plan.

A persoa responsable asegurase de que o persoal dos equipos de vacinación coñece estas instrucións antes de dar comezo á esta fase de vacinación.

Cuarta: Axendas e rexistros

- As citas nas axendas de vacinación para persoas de 80 e máis idade serán realizadas respectando as prioridades, o calendario e as listaxes configuradas pola Dirección Xeral de Saúde Pública, sen que caiba alteración algunha.
- As datas de vacinación de esta primeira fase iniciaranse o día 22 de Febreiro ata o día 31 de Marzo, polo que o día 15 de Febreiro deben iniciaranse as chamadas dende os equipos.
- Posteriormente, entre 48 e 24 horas antes do día previsto para a vacinación, o persoal médico e de enfermaría dos centros de procedencia das persoas a vacinar, disporán da información das persoas citadas. O persoal de administración e servizos deste centros de saúde, deberán realizar a segunda chamada de confirmación das citas, que xa estarán en axenda. Se nesta segunda chamada se detecta algunha baixa ou algunha incidencia que impida a vacinación prevista, deberán trasladalo inmediatamente aos equipos de citación específicos para que procedan a completar a axenda segundo os protocolos previstos.



O persoal de centros de saúde non está habilitado para cambiar ou modificar as axendas de vacinación, sendo única competencia dos equipos específicos.

- Non se poderán vacinar as persoas que non estean incluídas nas listaxes, xa que as vacinas son nominais. Non poderán alterarse os calendarios nin as persoas citadas para cada data, salvo autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública.

- As persoas que sendo citadas non acudan, deberá rexistrarse dito evento “non acude” no rexistro de vacinación informatizado polo persoal de enfermaría encargado da vacinación. As persoas que acepten a vacinación pero non poidan desprazarse serán rexistradas con esa incidencia para poder citalas en posterior fase de vacinación, cando sexa posible a mobilidade das doses e dos equipos para atención a domicilio.

Quinta. Vacinas

A vacina a administrar será a **Vacina Comirnaty® (Pfizer-BioNTech)**.

As doses distribuiranse nos puntos de vacinación determinados nestas instrucións e baixo a dirección da Dirección Xeral de Saúde Pública.

A persoa designada como responsable comunicará as incidencias e responderá da devolución das sobrantes ao rematar cada xornada.

As incidencias serán resoltas pola Dirección Xeral de Saúde Pública, tanto das persoas que non acudan como das doses sobrantes, tal como se contempla no Plan de Vacinación. Os contactos figuran no devandito Plan Galego de Vacinación no correo electrónico vacinas@sergas.es.

Instrución 5/21



Así tamén, a persoa responsable, dará instrucións precisas para que ninguén de fóra dos equipos de vacinación autorizados poida administrar vacinas e dispoña delas, evitando calquera saída do circuíto habitual.

As vacinas non poderán transportarse para administración fóra dos puntos de vacinación, en ningún caso.

Non se poderá dispoñer das doses sobrantes en ningún caso, salvo autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Sexta. Salas e medios de traballo

A dirección da área determinará os locais de traballo dos equipos de citación para que poidan coordinarse.

Así tamén, velará para que a vacinación nos puntos se realice nunha sala específica, que contará con sistemas que garantan a ventilación axeitada (ventilación natural ou mecánica) e velarase pola seguridade das vacinas durante o almacenamento en neveira a unha temperatura entre 2 e 8 graos.

As salas de vacinación deben estar sinalizadas, dada a idade do grupo a vacinar, de xeito que poidan ser localizadas facilmente no centro. Tomaranse as medidas oportunas para que nos centros de vacinación haxa persoal suficiente para informar, atender e axudar ás persoas maiores que acoden a vacinarse. As persoas maiores poderán acudir cun/unha acompañante.

Deberase dispoñer de dispensadores con solución hidroalcolica ao alcance do persoal. Tamén se disporá nesa sala, de contedores de residuos a ser posible con tapa de apertura con pedal.



As persoas a vacinar deberán usar máscara cirúrxica, a cal deberá cubrirlle a boca e o nariz. De non levar a máscara cirúrxica ou estar deteriorada, debe facilitárselle unha.

O persoal extremará a observación de aparición de síntomas respiratorios ou compatibles coa enfermidade COVID. No caso de que unha persoa presente calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, falta de gusto ou olfacto de xeito repentino, etc.) que puidese estar asociada coa infección por coronavirus, non deberá acudir á súa cita e avisarase ao persoal que administra a vacina para anular a cita reservada. De detectarse no momento da vacinación, seguirase o protocolo de actuación de manexo de casos COVID da área sanitaria.

Sétima. Medidas de protección e EPI

A/O profesional que administre a vacina usará os seguintes equipos de protección: bata de manga longa (de tecido sen tecer desbotable), máscara FFP2, pantalla facial, e luvas.

O número de equipos subministrados por xornada de traballo será adecuado ao número de citas e xornada.

Santiago de Compostela,

José Flores Arias

Xerente do Servizo Galego de Saúde

**XERENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE
SAÚDE**

